

GUÍA SOBRE A **INCAPACIDADE TEMPORAL**

NO RÉXIME ESPECIAL DO MAR.



GOBIERNO
DE ESPAÑA

MINISTERIO
DE INCLUSIÓN, SEGURIDAD SOCIAL
Y MIGRACIONES

SECRETARÍA DE ESTADO
DE LA SEGURIDAD SOCIAL
Y PENSIONES



INSTITUTO SOCIAL
DE LA MARINA

Índice



Que é a incapacidade temporal.

Situacións determinantes da incapacidade temporal.

Quen pode solicitar este subsidio?

Cal é a contía da incapacidade temporal?

Inicio do proceso e entidade responsable do pagamento.

Cal é a duración da IT?

E se o proceso dura máis de 365 días?

Cando remata?

E se durante a IT se extingue o contrato de traballo ou cesamento na actividade por conta propia?

E se durante a IT sobrevén a situación de nacemento e coidado de menor?

Podo traballar ou recibir outra prestación xunto á incapacidade temporal?

Cales son as miñas obrigas?

Onde teño que acudir para solicitar a prestación económica?

Que é a incapacidade temporal?

A incapacidade temporal (IT) é unha prestación económica da Seguridade Social que cobre a perda de rendas da persoa traballadora mentres está eivada temporalmente para traballar por mor dunha doenza ou accidente e recibe asistencia sanitaria.

Situacións determinantes da incapacidade temporal.

- Enfermidade común ou profesional e accidente non laboral ou de traballo.
- Os períodos por enfermidade profesional nos que se prescriba a baixa no traballo.
- As situacións especiais para as mulleres traballadoras:
 - Menstruo incapacitante secundario.
 - Xestación da muller traballadora desde o día primeiro da semana 39.^a.
 - Interrupción da gravidez, voluntaria o non, mentres reciba asistencia sanitaria polo Servizo Público de Saúde e estea eivada para o traballo.



Quen pode solicitar este subsidio?

Para teres dereito á prestación de incapacidade temporal, debes reunir os seguintes requisitos:

- 1. Parte de baixa médica que acredite a situación de incapacidade temporal.
- 2. Estar afiliado e en alta ou situación asimilada á alta no Réxime Especial dos Traballadores do Mar.
- 3. Acreditar un período mínimo de cotización segundo a situación na que te atopes:

SITUACIÓN	PERÍODO MÍNIMO DE COTIZACIÓN
Enfermidade común.	180 días dentro dos 5 anos inmediatamente anteriores á baixa médica.
Especial por xestación na semana 39. ^a	Mesmo período mínimo de cotización que para a prestación de nacemento e coidado do menor.
Especial por interrupción da gravidez. Especial por menstuo incapacitante.	Non se esixe.
Accidente, sexa ou non de traballo ou enfermidade profesional.	Non se esixe.

- 4. Se es persoa traballadora por conta propia:
 - Estar ao corrente no pagamento das cotas da Seguridade Social
 - Presentar unha declaración sobre a persoa que xestione directamente o establecemento ou actividade do que sexas titular ou, no seu caso, sobre o cesamento temporal ou definitivo da actividade.

Cal é a contía da incapacidade temporal?

A prestación económica por incapacidade temporal consiste nun subsidio diario que se calcula aplicando unha porcentaxe sobre a base reguladora.

- A base reguladora (BR), con carácter xeral, é o resultado de dividir a base de cotización do mes anterior á data do inicio da incapacidade entre o número de días ao que se refire a devandita cotización.
 - Traballador por conta allea, dividirase entre 30 días se o salario é mensual ou 28, 29, 30 ou 31 días, segundo o mes, se o salario é diario.
 - Traballador por conta propia, dividirase entre 30 días.
- A porcentaxe, segundo a continxencia de que se trate:

CONTINXENCIA	PERÍODO	PORCENTAXE
Enfermidade común e accidente non laboral.	Desde o día 4 ata o 20 incluído .	60%
	A partir do día 21.	75%
Accidente de traballo e enfermidade profesional.	Desde o día seguinte á baixa médica.	75%
Situación especial menstruo incapacitante.	Desde o primeiro día ata o día 20 incluído.	60%
	A partir do día 21.	75%
Situación especial interrupción da gravidez. Situación especial por xestación.	Desde o día 2 ata o día 20 incluído.	60%
	A partir do día 21.	75%

O pagamento da prestación está suxeito ás retencións do Imposto da Renda das Persoas Físicas (IRPF).

Inicio do proceso e entidade responsable do pagamento.

Cómpre que o médico do Servizo Público de Saúde ou da mutua colaboradora expida o parte de baixa médica que pode ser de moi curta, curta, media ou longa duración.

- Duración moi curta: inferior a 5 días naturais.
- Duración curta: de 5 a 30 días naturais.
- Duración media: de 31 a 60 días naturais.
- Duración longa: de 61 ou máis días naturais.

O médico que expida o parte de baixa, confirmación ou alta entregará á persoa traballadora por conta allea tan só unha copia deste e non cumprirá trasladar unha copia dese parte á empresa, que poderá descargalo do Ficheiro INSS Empresas.

O Servizo Público de Saúde, mutua ou empresa colaboradora remitirá os datos contidos nos partes médicos de baixa, confirmación e alta ao Instituto Social da Mariña (ISM) por vía telemática. Unha vez recibida esa información, as empresas poderán consultar os datos a través do Ficheiro INSS Empresas.

As empresas, pola súa banda, teñen a obriga de remitiren ao ISM, nun prazo máximo de tres días hábiles e a través do Sistema RED, os datos económicos do parte médico de baixa. Deste xeito, as empresas xa non terán que transmitir ao ISM os datos económicos contidos nos partes de confirmación e de alta, co que se simplifica o proceso.



A prestación por incapacidade temporal (IT) corre a cargo do ISM, mutua colaboradora coa Seguridade Social ou a empresa por pagamento delegado, en virtude da colaboración obrigatoria das empresas na xestión da Seguridade Social.


- No caso de **accidente de traballo ou enfermidade profesional**, o subsidio aboarase desde o día seguinte ao da baixa, e correrá a cargo do empresario o salario íntegro correspondente ao día da baixa.
- No caso de **enfermidade común ou de accidente non laboral**, o subsidio aboarase a partir do cuarto día de baixa no traballo, aínda que desde o día cuarto ao décimo quinto de baixa, ámbolos dous incluídos, o subsidio correrá a cargo do empresario.
- Na **situación especial de incapacidade temporal por menstuo incapacitante secundario**, o subsidio aboarase a cargo da Seguridade Social desde o día da baixa no traballo.
- Na **situación especial de incapacidade temporal por interrupción da gravidez, así como na situación especial de xestación** desde o día primeiro da semana trixésimo nona de xestación, o subsidio aboarase a cargo da Seguridade Social desde o día seguinte ao da baixa no traballo e correrá a cargo do empresario o salario íntegro correspondente ao día da baixa.



PAGAMENTO DELEGADO.

Para as persoas traballadoras por conta allea do grupo primeiro de cotización do Réxime Especial do Mar, o aboamento da prestación económica realízao a empresa coa mesma periodicidade cós salarios, en virtude da colaboración obrigatoria das empresas na xestión da Seguridade Social, descontando do importe do subsidio a retención por IRPF e as cotas á Seguridade Social.

A colaboración obrigatoria no pagamento da prestación manterase ata que se notifique ao interesado a alta médica por curación, por mellora ou por incomparecencia inxustificada aos recoñecementos médicos, ou ata o último día do mes en que o Instituto Nacional da Seguridade Social expediu a alta médica con proposta de incapacidade permanente, ou ata que se cumpra o período máximo de 545 días, rematando en todo caso nesa data. As empresas colaboradoras na xestión da Seguridade Social manterán o pagamento ao seu cargo da prestación ata a data en que se notifique ao interesado a alta médica ou a resolución pola que se extinga o dereito ao subsidio, incluída, no seu caso, a situación de prolongación de efectos económicos da incapacidade temporal.



PAGAMENTO DIRECTO.

Para as persoas traballadoras por conta allea incluídas nos grupos segundo e mais terceiro de cotización e para os traballadores por conta propia, con independencia do grupo de cotización ao que pertencen, a prestación págase directamente polo Instituto Social da Mariña ou a mutua colaboradora da Seguridade Social.

O ISM ou a mutua colaboradora coa Seguridade Social, no seu caso, serán tamén responsables do pagamento directo do subsidio nos seguintes casos:

- Por incumprimento da obriga patronal do pagamento delegado.
- Empresas con menos de dez traballadores e máis de seis meses consecutivos de aboamento do subsidio que o soliciten regulamentariamente.
- Extinción/suspensión da relación laboral estando o traballador en situación de IT.
- Continuación da situación de IT tralo cesamento voluntario na empresa.
- Continuación da situación de IT, extinto o período de percepción de desemprego.
- Alta médica por informe proposta de Incapacidade Permanente (IP) de perceptores da prestación por desemprego.
- Nos supostos de esgotamento da IT polo decurso do prazo máximo, durante a prórroga dos efectos da prestación ata a cualificación da IP.
- Por iniciar expediente de Incapacidade Permanente (IP), a partir dos 365 días de duración de IT, pola emisión da inspección médica do INSS dun parte de alta con informe proposta de IP.



Cal é a duración da IT?

O subsidio manterase mentres te atopes en situación de incapacidade temporal e dependerá de varios factores:

No caso de enfermidade ou accidente, calquera que sexa a súa causa.	Duración máxima de 365 días prorrogables por outros 180 días cando se presuma que, durante estes, podes ser dado de alta médica por curación.
En períodos de observación por enfermidade profesional.	Duración máxima de 180 días, prorrogables por outros 180 días cando se estime necesario para o estudo e diagnóstico da enfermidade.
Na situación especial de xestación da muller traballadora.	Duración ata a data do parto ou, no seu caso, ata o inicio da situación de risco durante a gravidez.
Na situación especial por menstuo incapacitante secundario.	A duración media destes procesos oscila entre os 3 e 5 días.

Lembre que se considerará que existe recaída nun mesmo proceso cando se produza unha nova baixa médica pola mesma ou similar patoloxía dentro dos 180 días naturais seguintes á data de efectos da alta médica anterior. Agás nos procesos por menstuo incapacitante nos que cada un haberá de considerarse un novo proceso sen computar para os efectos do período máximo de duración da situación de incapacidade temporal.

E se o proceso dura máis de 365 días?

Unha vez rematado o prazo máximo de 365 días de duración, será a inspección médica do Instituto Nacional da Seguridade Social (INSS) a única competente para emitir:

- Alta médica:
 - Por curación ou por mellora que permita a reincorporación ao traballo.
 - Por incomparecencia inustificada aos recoñecementos médicos.
 - Por proposta de incapacidade permanente (IP).
- Nova baixa médica pola mesma ou similar patoloxía, nos 180 días naturais posteriores á devandita alta médica.

Nos supostos nos que, transcorrido o devandito prazo, non haxa alta médica, suporá a situación de prórroga de incapacidade temporal por se presumir que, dentro do período seguinte de 180 días, pode ser dado de alta médica por curación ou mellora.



Cando remata?

Con carácter xeral, a incapacidade temporal ten unha duración de 365 días e pode rematar por varios motivos:

- Por alta médica por curación ou mellora que permita ao traballador realizar o seu traballo cotián.
- Por alta médica con ou sen declaración de incapacidade permanente.
- Polo transcurso do prazo máximo de 545 días naturais desde a baixa médica.
- Polo recoñecemento da pensión de xubilación.
- Por incomparecencia inxustificada a calquera das convocatorias para os exames e recoñecementos establecidos pola inspección médica do INSS ou polos médicos dunha mutua colaboradora coa Seguridade Social.
- Por falecemento.
- No suposto da situación especial de IT da semana trixésimo nona de xestación, durará ata a data do parto.

Tamén pode ser denegado, anulado ou suspendido por:

- Actuar fraudulentamente para obter ou conservar o subsidio.
- Traballar por conta propia ou allea.
- Rexeitar ou abandonar o tratamento sen causa razoable.
- A incomparecencia a calquera das convocatorias realizadas polos médicos adscritos ao INSS e ás mutuas colaboradoras coa Seguridade Social para exame e recoñecemento médico producirá a suspensión cautelar do dereito co gallo de comprobar se aquela foi, ou non, xustificada.

E se durante a IT se extingue o contrato de traballo ou cesamento na actividade por conta propia?

Se es **traballador por conta allea** e:

- A incapacidade temporal deriva de continxencias comúns:

Continuarás a percibir a prestación de IT en contía igual á prestación por desemprego ata que se extinga a IT, pasando á situación legal de desemprego. Descontarase do período de percepción da prestación por desemprego, como xa consumido, o tempo que permaneces en IT a partir da data da extinción do contrato de traballo.

- A incapacidade temporal deriva de continxencias profesionais:

Continuarás a percibir a prestación por IT, en contía igual á que tiveses recoñecida ata que se extinga a devandita situación, pasando á situación legal de desemprego. Neste caso, non procede descontar do período de percepción o tempo que permaneces en IT trala extinción do contrato.

Se es **traballador por conta propia**:

- Continuarás a percibir a prestación de IT na mesma contía que a prestación por cesamento de actividade ata que se extinga a IT, pasando a percibir a prestación por cesamento de actividade, se se reúnen o requisitos. Descontarase do período de percepción da prestación por cesamento de actividade, como xa consumido, o tempo que permaneces en situación de IT a partir da data da situación legal de cesamento de actividade.



E se durante a IT sobrevén a situación de nacemento e coidado de menor?

Neste caso, suspenderase a prestación de IT para gozar a prestación económica de nacemento e coidado do menor. Se unha vez rematada esta, subsiste a situación de IT, retomarase a prestación de IT.

Podo traballar ou recibir outra prestación xunto á incapacidade temporal?

Como regra xeral, a prestación de incapacidade temporal é incompatible coa realización dunha actividade por conta allea ou por conta propia. Tampouco é compatible con outras prestación derivadas do mesmo traballo. O subsidio de incapacidade temporal é compatible coa pensión de viuvez.



Cales son as miñas obrigas?

Se es perceptor dunha prestación de incapacidade temporal, debes coñecer as túas obrigas en materia de Seguridade Social.

1. Debes comunicar ao ISM calquera variación que afecte a situación pola que se che recoñeceu a IT, por exemplo, o inicio de actividades laborais.
2. Acudir a calquera das convocatorias de exames e recoñecementos médicos do Instituto Nacional da Seguridade Social ou das mutuas colaboradoras coa Seguridade Social, pois a incomparecencia inxustificada é unha das causas de extinción da prestación.
3. Se es traballador por conta propia, tes que presentar a declaración sobre a persoa que xestionará directamente o establecemento ou actividade do que sexas titular ou, no seu caso, sobre o cesamento temporal ou definitivo da actividade. A falla de presentación impedirá iniciar o pagamento da prestación.



Onde teño que acudir para solicitar a prestación económica?

Cómpre que o médico do Servizo Público de Saúde ou da mutua colaboradora expida o parte de baixa médica que pode ser de curta, media ou longa duración.

Dependendo da entidade responsable do pagamento da prestación, solicitarase perante o ISM, a mutua ou se realizará o pagamento delegado pola empresa.


No caso de que a entidade competente sexa o Instituto Social da Mariña, podes dirixir a túa solicitude á Dirección Provincial ou Local correspondente ao teu domicilio, acompañada da documentación necesaria para o trámite da túa solicitude.

Tamén podes facelo de xeito presencial ou ben a través do Rexistro Electrónico ou da Sede Electrónica da Seguridade Social:

<https://sede.seg-social.gob.es>

Para accederes a este servizo, tes que dispor de certificado electrónico ou Cl@ve permanente. Ademais, dispós de modelos de solicitude na Sede Electrónica e na páxina web da Seguridade Social.

Tamén tes dispoñible a APP móbil “ISM no teu peto”, á que poderás acceder con sistema Cl@ve, certificado dixital ou SMS.



Normativa.

- *Lei 47/2015, do 21 de outubro, reguladora da protección social das persoas traballadoras do sector marítimo-pesqueiro.*
- *Real Decreto Lexislativo 8/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Xeral da Seguridade Social.*
- *Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores.*
- *Real Decreto 625/2014, do 18 de xullo, polo que se regulan determinados aspectos da xestión e control dos procesos por incapacidade temporal nos primeiros trescentos sesenta e cinco días da súa duración.*
- *Real Decreto-lei 2/2023, do 16 de marzo, de medidas urxentes para a ampliación de dereitos dos pensionistas, a redución da fenda de xénero e o establecemento dun novo marco de sostibilidade do sistema público de pensións.*
- *Lei Orgánica 1/2023, do 28 de febreiro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2010, do 3 de marzo, de saúde sexual e reprodutiva e da interrupción voluntaria da gravidez.*
- *Lei 20/2007, do 11 de xullo, do Estatuto do traballo autónomo.*
- *Decreto 2530/1970, do 20 de agosto, polo que se regula o réxime especial da Seguridade Social dos traballadores por conta propia ou autónomos.*



DIRECCIÓN PROVINCIAL	Enderezo	C.P.	Poboación	Teléfono	Correo electrónico
A CORUÑA	C/ Ramón y Cajal, 2	15006	A Coruña	88 190 98 00	acoruna.dirprov.ism@seg-social.es
ALICANTE	C/ Faro de Santa Pola, 2	03001	Alicante/Alacant	96 512 65 23	alicante.dirprov.ism@seg-social.es
ALMERIA	C/ Puerto Pesquero, s/n	04002	Almería	95 062 02 11	almeria.dirprov.ism@seg-social.es
BARCELONA	C/ Albareda, 1 - 13	08004	Barcelona	93 443 96 00	barcelona.dirprov.ism@seg-social.es
BIZKAIA	C/ Virgen de Begoña, 32	48006	Bilbao	94 473 90 00	bizkaia.dirprov.ism@seg-social.es
CÁDIZ	Avda. de Vigo, s/n	11006	Cádiz	95 625 17 03	cadiz.dirprov.ism@seg-social.es
CANTABRIA	Avda. de Sotileza, 8	39009	Santander	94 221 46 00	santander.dirprov.ism@seg-social.es
CARTAGENA	C/ Muelle Alfonso XII, s/n	30202	Cartagena	96 850 20 50	cartagena.dirprov.ism@seg-social.es
CASTELLÓN	Pl. Miquel Peris i Segarra, s/n	12100	Castellón de la Plana Castelló de la Plana	96 428 30 72	castellon.dirprov.ism@seg-social.es
CEUTA	C/ Muelle Cañonero Dato, 20	51001	Ceuta	95 650 02 40	ceuta.dirprov.ism@seg-social.es
GIJÓN	C/ Celestino Junquera, 19	33201	Gijón	98 532 72 00	gijon.dirprov.ism@seg-social.es
GIPÚZKOA	C/ Hermanos Otamendi, 13	20014	Donostia San Sebastián	94 348 32 00	gipuzkoa.dirprov.ism@seg-social.es
HUELVA	Avda. Hispanoamérica, 9	21001	Huelva	95 925 74 11	huelva.dirprov.ism@seg-social.es
ILLES BALEARS	C/ Moll Vell, 15	07012	Palma de Mallorca	97 172 56 06	illesbalears.dirprov.ism@seg-social.es
LAS PALMAS	C/ León y Castillo, 322	35007	Las Palmas de Gran Canaria	92 849 46 45	laspalmas.dirprov.ism@seg-social.es
LUGO	C/ Rda. Músico Xosé Castiñeiras, 10 – baixo	27002	Lugo	98 222 50 10	lugo.dirprov.ism@seg-social.es
MADRID	C/ Churruca, 2	28004	Madrid	91 591 99 00	madrid.dirprov.ism@seg-social.es
MÁLAGA	C/ Pasillo del Matadero, 4	29002	Málaga	95 195 57 45	malaga.dirprov.ism@seg-social.es
MELILLA	Avda. de la Marina Española, 7	52001	Melilla	95 176 43 00	melilla.dirprov.ism@seg-social.es
SEVILLA	C/ Fernando IV, 1	41011	Sevilla	95 428 60 28	sevilla.dirprov.ism@seg-social.es
TARRAGONA	C/ Francesc Bastos, 19	43005	Tarragona	97 719 10 00	tarragona.dirprov.ism@seg-social.es
TENERIFE	Avda. de Anaga, s/n	38001	Sta. Cruz de Tenerife	92 259 89 00	tenerife.dirprov.ism@seg-social.es
VALENCIA	Av. del Port, 300	46024	Valencia	96 335 99 00	valencia.dirprov.ism@seg-social.es
VIGO	Avda. Orillamar, 51	36202	Vigo	98 621 61 00	vigo.dirprov.ism@seg-social.es
VILAGARCIA	Avda. de la Marina, 23	36600	Vilagarcía de Arousa	98 656 83 00	vilagarcia.dirprov.ism@seg-social.es



MÁIS INFORMACIÓN

Páxina web



Sede Electrónica



Descarga la aplicación *ISM no teu peto*



MINISTERIO DE INCLUSIÓN, SEGURIDADE SOCIAL E MIGRACIÓNS

Publicación incluída no programa editorial do Ministerio de Inclusión,
Seguridade Social e Migracións (Real Decreto 829/2023, do 20 de novembro)

Nesta publicación utilizouse papel ecolóxico de acordo
cos criterios ambientais da contratación pública.

<https://cpage.mpr.gob.es>



MINISTERIO
DE INCLUSIÓN, SEGURIDAD SOCIAL
Y MIGRACIONES

SECRETARÍA DE ESTADO
DE LA SEGURIDAD SOCIAL
Y PENSIONES

